

Comunicación a Confederación MRP ás persoas escollidas nas eleccións do 28 de maio de 2023

A Confederación de Movements de Renovación Pedagóxica (MRP), ás persoas que terán a responsabilidade de gobernar nos próximos catro anos.

Despois dos resultados das eleccións celebradas o pasado 28 de maio, a situación política actual experimentará de seguro cambios en distintos ámbitos. Ante esta situación, dende a Confederación MRP cremos necesario facer as seguintes consideracións.

- A educación non é unha arma que os distintos partidos políticos poidan converter nun instrumento ao servizo dos seus intereses partidistas. A educación é a forma propia do ser humano de permitir, dende o intercambio interxeracional, a mellora constante das condicións de vida das persoas que viven nun lugar e nun tempo determinados. Os futuros gobernantes teñen que superar obxectivos a curto prazo e promover a formación integral do ser humano.
- A educación non se pode adaptar aos tempos electorais, xa que ten o seu propio ritmo. A educación precisa de estabilidade neses aspectos esenciais. O desenvolvemento dos programas educativos mídese por xeracións e os seus resultados non son visibles ata que rematan os ciclos educativos. A nosa historia recente provocou constantes cambios que provocaron desinformación na sociedade, inestabilidade no funcionamento dos centros, desvinculación do profesorado e desregulación de moitos aspectos que provocaron dificultades no seu funcionamento. Actualmente estase a avaliar un período educativo convulso. Os diferentes informes, tanto nacionais como internacionais, reflicten os resultados académicos dun estudantado que tivo un percorrido educativo dende a promulgación da LOGSE en 1992, con constantes modificacións legais derivadas de polémicas políticas e non educativas. Os diferentes procesos globais de avaliación do sistema educativo demostraron que estes avatares non favoreceron ao sistema.
- A educación non é só unha tarefa escolar. Toda a sociedade, no seu conxunto, ten a súa parte de responsabilidade. Pero, a educación formal, a que se imparte nos centros educativos é unha tarefa fundamental do profesorado. Cómpre, en calquera das propostas de modificación e xestión do sistema educativo, que se teñan en conta as iniciativas de tódolos implicados no proceso educativo: profesorado, educadores, alumnado, familias, medios de comunicación e responsables políticos.

Comunicación a Confederación MRP ás persoas escollidas nas eleccións do 28 de maio de 2023

Dende a Confederación MRP queremos lembrar que aínda que a xestión dos sistemas educativos recae nos gobernantes elixidos en cada lexislatura, a educación transcende esa situación temporal. Trátase dun instrumento de transformación orientado a conseguir unha sociedade mellor, sen desigualdades, inclusiva, participativa e respectuosa. A escola debe ser, por excelencia, o espazo de convivencia das distintas clases sociais, o único camiño para acadar modelos humanos democráticos e xustos. Para iso é fundamental darlle a marxe de confianza e a autonomía necesaria ao profesorado para que siga traballando con ilusión e eficacia.